

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15002761	CEIP Plurilingüe de Carnota	Carnota	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Ciencias da Natureza	2º Pri.	2	70

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	13
4.2. Materiais e recursos didácticos	14
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	14
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	15
6. Medidas de atención á diversidade	15
7.1. Concreción dos elementos transversais	16
7.2. Actividades complementarias	17
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	17
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	18
9. Outros apartados	19

1. Introducción

Esta programación didáctica está pensada para ser levada a cabo dende a área de ciencias sociais nun centro público de educación infantil e primaria, situado nunha zona costeira e rural cunha contorna próxima rica en elementos naturais, culturais e históricos.

Desenvolverase en 6 unidades didácticas distribuídas en 2 unidades por trimestre.

- Centro: CEIP Plurilingüe de Carnota
- Unidades: 9 (3 en EI e 6 en EP)
- Curso: 2º EP
- Nº alumnos/as: 19 (9 nenas e 10 nenos, un deles de nova incorporación)
- Contorna: Pobo costeiro
- Instalacións: ximnasio, polideportivo municipal próximo, patio exterior cuberto e patio descuberto
- Xornada escolar: continua (09:45 a 14:45)

Descrición do grupo:

O grupo de alumnado ó que está dirixida esta programación está formado por 19 nenos e nenas. Un deles é novo no centro, polo que se fará unha valoración máis detallada unha vez realizada a avaliación inicial, e estableceranse medidas para a súa integración no grupo. Do resto, dous alumnos amosan NEE, polo que a Avaliación Inicial, a valoración do desenvolvemento das ACI do curso pasado e os novos informes nos guiarán no momento de establecer as medidas necesarias.

A coordinación co resto do profesorado (incluíndo os especialistas de PT e AL) será moi importante para a cohesión do traballo e posta en marcha do curso.

En base a criterios organizativos e pedagóxicos, o grupo está subdividido en 2 subgrupos.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Expor e dar resposta a cuestións científicas sinxelas, utilizando diferentes técnicas, instrumentos e modelos propios do pensamento científico, para interpretar e explicar feitos e fenómenos que ocorren no medio natural.	1-2-3		2-4	1-2		4		
OBX2 - Coñecer e tomar conciencia do propio corpo, así como das emocións e sentimentos propios e alleos, aplicando o coñecemento científico, para desenvolver hábitos saudables e para conseguir o benestar físico, emocional e social.			5		1-2-3	3		
OBX3 - Identificar as características dos diferentes elementos ou sistemas do medio natural, analizando a súa organización e propiedades, e establecendo relacións entre estes, para recoñecer o seu valor, conservalo, melloralo e emprender accións para o seu uso responsable.			1-2-4-5	1		4	1	1
OBX4 - Identificar as causas e consecuencias da intervención humana na contorna, para mellorar a capacidade de afrontar problemas, buscar solucións e actuar de maneira individual e cooperativa na súa resolución, e para poñer en práctica estilos de vida sustentables e consecuentes co respecto, o coidado e a protección das persoas e do planeta.	5		2-5		4	1-3-4	1	

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX5 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais de forma segura, responsable e eficiente, para buscar información, comunicarse e traballar de maneira individual, en equipo e en rede, e para reelaborar e crear contido dixital de acordo coas necesidades dixitais do contexto educativo.	3		4	1-2-3-4-5				4
OBX6 - Resolver problemas a través de proxectos de deseño e da aplicación do pensamento computacional, para xerar cooperativamente un produto creativo e innovador que responda a necesidades concretas.			3-4	5	3-4-5		1-3	4

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	A salvo!	Nesta unidade partírase dos coñecementos sobre os animais para abordar as diferentes clasificacións destes, así como o coidado e protección dos mesmos.	17	12	X		
2	Aprendiz de xardinaría	Esta unidade partirá dos coñecementos das plantas (partes das plantas e tipos de plantas) para conectar cos contidos da unidade anterior para abordar os ecosistemas e as funcións dos seres vivos nos mesmos.	17	12	X		
3	Poñémonos en forma	O eixe vertebral da unidade xira en torno as funcións vitais do ser humano e os órganos implicados.	16	11		X	
4	Facemos a compra	Ao longo da unidade o alumnado coñecerá os tipos de alimentos que consumimos, a súa conservación así como o xeito de manter hábitos saudables e previr enfermidades e accidentes, incluíndo os hábitos saudables do benestar emocional e social.	16	11		X	
5	A reciclar!	Durante esta unidade acerácese ao alumnado ao mundo da materia e dos materiais, coñecendo as súas propiedades e a súa orixe. Ademais, experimentarase coas substancias puras e as mesturas para coñecer de primeira man as súas características, así como coa luz e co son como formas de enerxía presentes na vida	17	12			X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
5	A reciclar!	cotiá.	17	12			X
6	Máquinas por todas partes	Nesta última unidade do curso, observarase as máquinas e aparellos do entorno do alumnado para coñecer os seus compoñentes básicos. Por outra banda, identificaranse os inventos e descubrimentos incluíndo o eido dixital.	17	12			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	A salvo!	12

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Recoñecer as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural a través de metodoloxías de indagación utilizando as ferramentas e procesos adecuados de forma pautada.	Recoñecer as características, propiedades e a organización dos seres vivos do seu entorno.	PE	50
CA2.2 - Mostrar actitudes de respecto para o gozo da natureza, recoñecéndoa como un ben común.	Mostrar actitudes de respecto cara a natureza.		
CA1.1 - Formular preguntas e realizar predicións sobre obxectos, feitos e fenómenos próximos a través da observación.	Formular preguntas e realizar predicións sinxelas a través da observación.	TI	50
CA1.2 - Buscar información sinxela de diferentes fontes seguras e fiables de forma guiada, utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural.	Buscar información de forma guiada para as súas investigacións.		
CA4.1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais de acordo coas necesidades do contexto educativo de forma segura.	Utilizar dispositivos e recursos dixitais de forma segura.		
CA4.5 - Traballar de forma cooperativa, respectando as normas básicas de convivencia.	Traballar en equipo respectando as normas de convivencia.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Iniciación ao coñecemento científico presente na vida cotiá tendo en conta a importancia do coidado do planeta. - Fomento da curiosidade e da iniciativa na realización das diferentes investigacións a través da observación e formulación de hipótese. - Iniciación ás técnicas de indagación, de maneira individual ou en equipo, adecuadas ás necesidades da investigación. - Vocabulario científico básico relacionado coas diferentes investigacións.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - As adaptacións dos seres vivos ao seu hábitat, concibido como o lugar no que cobren as súas necesidades. - Observación dun animal ou dunha planta, no seu medio natural ou reproducindo o medio no centro educativo. - Clasificación e identificación de animais e plantas da súa contorna a partir das súas características observables. - Importancia no coidado e respecto cara aos seres vivos e a contorna na que viven, evitando a degradación do chan, do aire ou da auga. - Dixitalización da contorna persoal de aprendizaxe - Identificación, clasificación e funcións dos dispositivos dixitais da contorna de aprendizaxe, así como a súa manipulación. - Proxectos de deseño e pensamento computacional - Estratexias básicas de traballo en equipo.

UD	Título da UD	Duración
2	Aprendiz de xardinaría	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Recoñecer as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural a través de metodoloxías de indagación utilizando as ferramentas e procesos adecuados de forma pautada.	Recoñecer as características, propiedades e a organización dos seres vivos do seu entorno.	PE	50
CA2.2 - Mostrar actitudes de respecto para o gozo da natureza, recoñecéndoa como un ben común.	Mostrar actitudes de respecto cara a natureza.		
CA1.1 - Formular preguntas e realizar predicións sobre obxectos, feitos e fenómenos próximos a través da observación.	Formular preguntas e realizar predicións sinxelas a través da observación.	TI	50
CA1.2 - Buscar información sinxela de diferentes fontes seguras e fiables de forma guiada, utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural.	Buscar información de forma guiada para as súas investigacións.		
CA4.1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais de acordo coas necesidades do contexto educativo de forma segura.	Utilizar dispositivos e recursos dixitais de forma segura.		
CA4.5 - Traballar de forma cooperativa, respectando as normas básicas de convivencia.	Traballar en equipo respectando as normas de convivencia.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Iniciación ao coñecemento científico presente na vida cotiá tendo en conta a importancia do coidado do planeta. - Fomento da curiosidade e da iniciativa na realización das diferentes investigacións a través da observación e formulación de hipótese.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Iniciación ás técnicas de indagación, de maneira individual ou en equipo, adecuadas ás necesidades da investigación. - Vocabulario científico básico relacionado coas diferentes investigacións. - Observación dun animal ou dunha planta, no seu medio natural ou reproducindo o medio no centro educativo. - Clasificación e identificación de animais e plantas da súa contorna a partir das súas características observables. - Importancia no coidado e respecto cara aos seres vivos e a contorna na que viven, evitando a degradación do chan, do aire ou da auga. - Dixitalización da contorna persoal de aprendizaxe - Identificación, clasificación e funcións dos dispositivos dixitais da contorna de aprendizaxe, así como a súa manipulación. - Proxectos de deseño e pensamento computacional - Estratexias básicas de traballo en equipo.

UD	Título da UD	Duración
3	Poñémonos en forma	11

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.4 - Coñecer as principais partes do corpo, identificando os órganos implicados na realización das funcións vitais.	Coñecer e identificar as principais partes do corpo e os órganos máis importantes.	PE	40
CA1.1 - Formular preguntas e realizar predicións sobre obxectos, feitos e fenómenos próximos a través da observación.	Formular preguntas e realizar predicións sinxelas a través da observación.	TI	60
CA1.2 - Buscar información sinxela de diferentes fontes seguras e fiables de forma guiada, utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural.	Buscar información de forma guiada para as súas investigacións.		
CA1.3 - Participar en experimentos guiados, de maneira individual ou en equipo, utilizando diferentes técnicas de indagación, empregando instrumentos de forma segura e rexistrando datos de maneira sinxela.	Participar en experimentos de maneira guiada, empregando instrumentos de forma segura e rexistrando datos sinxelos.		
CA1.4 - Comunicar de forma oral ou gráfica o resultado das investigacións con axuda dun guión, comparando a información e resultados obtidos coas predicións realizadas.	Comunicar os resultados das investigacións realizadas con axuda dun guión.		
CA4.1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais de acordo coas necesidades do contexto educativo de forma segura.	Utilizar dispositivos e recursos dixitais de forma segura.		
CA4.5 - Traballar de forma cooperativa, respectando as normas básicas de convivencia.	Traballar en equipo respectando as normas de convivencia.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Fomento da curiosidade e da iniciativa na realización das diferentes investigacións a través da observación e formulación de hipótese.
- Iniciación ás técnicas de indagación, de maneira individual ou en equipo, adecuadas ás necesidades da investigación.
- Realización de experimentos sinxelos utilizando o método científico de forma guiada.
- Uso de instrumentos para realizar observacións e medicións sinxelas rexistrando os datos obtidos.
- Vocabulario científico básico relacionado coas diferentes investigacións.
- Elaboración guiada de textos básicos, murais, paneis, esquemas ou presentacións para recoller conclusións.
- Recoñecemento dos cambios do corpo a través do tempo. As etapas da vida.
- Observación, identificación e función das principais partes do corpo. Ósos, articulacións e músculos.
- Introducción das funcións de relación, reprodución e nutrición como funcións vitais. Principais órganos implicados.
- Dixitalización da contorna persoal de aprendizaxe
- Identificación, clasificación e funcións dos dispositivos dixitais da contorna de aprendizaxe, así como a súa manipulación.
- Proxectos de deseño e pensamento computacional
- Estratexias básicas de traballo en equipo.

UD	Título da UD	Duración
4	Facemos a compra	11

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.3 - Recoñecer hábitos de vida saudables, valorando a importancia dunha alimentación variada, equilibrada e sustentable, a hixiene, o exercicio físico, o contacto coa natureza, o descanso e o uso adecuado das tecnoloxías.	Recoñecer hábitos básicos de vida saudables relacionados coa alimentación, hixiene, exercicio, natureza, descanso e tecnoloxías.	PE	45
CA2.5 - Distinguir accións que favorezan o benestar emocional e social, recoñecendo as emocións propias e as dos demais e identificando as relacións familiares e escolares ás que pertence.	Distinguir accións para o benestar emocional e social, recoñecendo as emocións básicas.		
CA1.1 - Formular preguntas e realizar predicións sobre obxectos, feitos e fenómenos próximos a través da observación.	Formular preguntas e realizar predicións sinxelas a través da observación.	TI	55
CA1.2 - Buscar información sinxela de diferentes fontes seguras e fiables de forma guiada, utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural.	Buscar información de forma guiada para as súas investigacións.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Participar en experimentos guiados, de maneira individual ou en equipo, utilizando diferentes técnicas de indagación, empregando instrumentos de forma segura e rexistrando datos de maneira sinxela.	Participar en experimentos de maneira guiada, empregando instrumentos de forma segura e rexistrando datos sinxelos.		
CA1.4 - Comunicar de forma oral ou gráfica o resultado das investigacións con axuda dun guión, comparando a información e resultados obtidos coas predicións realizadas.	Comunicar os resultados das investigacións realizadas con axuda dun guión.		
CA4.1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais de acordo coas necesidades do contexto educativo de forma segura.	Utilizar dispositivos e recursos dixitais de forma segura.		
CA4.4 - Participar na resolución guiada de problemas sinxelos de programación utilizando o pensamento computacional.	Realizar programacións a través de robots educativos e aplicacións sinxelas de programación.		
CA4.5 - Traballar de forma cooperativa, respectando as normas básicas de convivencia.	Traballar en equipo respectando as normas de convivencia.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Fomento da curiosidade e da iniciativa na realización das diferentes investigacións a través da observación e formulación de hipótese. - Iniciación ás técnicas de indagación, de maneira individual ou en equipo, adecuadas ás necesidades da investigación. - Realización de experimentos sinxelos utilizando o método científico de forma guiada. - Uso de instrumentos para realizar observacións e medicións sinxelas rexistrando os datos obtidos. - Vocabulario científico básico relacionado coas diferentes investigacións. - Elaboración guiada de textos básicos, murais, paneis, esquemas ou presentacións para recoller conclusións. - Hábitos saudables relacionados co benestar físico do ser humano: hixiene, alimentación variada, equilibrada e sustentable, exercicio físico, contacto coa natureza, descanso e coidado do corpo como medio para previr posibles enfermidades. - Hábitos saudables relacionados co benestar emocional e social: estratexias de identificación das propias emocións e respecto polas dos demais. Sensibilidade e aceptación da diversidade presente na aula e na sociedade. Educación afectivo-sexual. - Dixitalización da contorna persoal de aprendizaxe - Identificación, clasificación e funcións dos dispositivos dixitais da contorna de aprendizaxe, así como a súa manipulación. - Recursos dixitais para comunicarse con persoas coñecidas en contornas coñecidas e seguros. - Proxectos de deseño e pensamento computacional - Fases dos proxectos de deseño: identificación de necesidades, deseño, prototipado e comunicación. - Estratexias básicas de traballo en equipo.

UD	Título da UD	Duración
5	A reciclar!	12

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2 - Mostrar actitudes de respecto para o gozo da natureza, recoñecéndoa como un ben común.	Mostrar actitudes de respecto cara a natureza.	PE	55
CA3.2 - Recoñecer a través de pequenas investigacións o comportamento da luz e do son ante diferentes corpos.	Recoñecer o comportamento da luz e do son na vida cotiá.		
CA3.1 - Recoñecer as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural a través de metodoloxías de indagación, utilizando as ferramentas e procesos adecuados de forma pautada.	Identificar as propiedades e características da materia e dos materiais de forma guiada.		
CA1.1 - Formular preguntas e realizar predicións sobre obxectos, feitos e fenómenos próximos a través da observación.	Formular preguntas e realizar predicións sinxelas a través da observación.	TI	45
CA1.2 - Buscar información sinxela de diferentes fontes seguras e fiables de forma guiada, utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural.	Buscar información de forma guiada para as súas investigacións.		
CA1.3 - Participar en experimentos guiados, de maneira individual ou en equipo, utilizando diferentes técnicas de indagación, empregando instrumentos de forma segura e rexistrando datos de maneira sinxela.	Participar en experimentos de maneira guiada, empregando instrumentos de forma segura e rexistrando datos sinxelos.		
CA1.4 - Comunicar de forma oral ou gráfica o resultado das investigacións con axuda dun guión, comparando a información e resultados obtidos coas predicións realizadas.	Comunicar os resultados das investigacións realizadas con axuda dun guión.		
CA4.1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais de acordo coas necesidades do contexto educativo de forma segura.	Utilizar dispositivos e recursos dixitais de forma segura.		
CA4.5 - Traballar de forma cooperativa, respectando as normas básicas de convivencia.	Traballar en equipo respectando as normas de convivencia.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Fomento da curiosidade e da iniciativa na realización das diferentes investigacións a través da observación e formulación de hipótese. - Iniciación ás técnicas de indagación, de maneira individual ou en equipo, adecuadas ás necesidades da investigación. - Realización de experimentos sinxelos utilizando o método científico de forma guiada. - Uso de instrumentos para realizar observacións e medicións sinxelas rexistrando os datos obtidos. - Vocabulario científico básico relacionado coas diferentes investigacións.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Elaboración guiada de textos básicos, murais, paneis, esquemas ou presentacións para recoller conclusións. - Importancia no coidado e respecto cara aos seres vivos e a contorna na que viven, evitando a degradación do chan, do aire ou da auga. - Identificación da materia e das súas propiedades. - Propiedades observables dos materiais, a súa orixe e o seu uso en obxectos da vida cotiá de acordo coas necesidades de deseño para os que foron fabricados. - As substancias puras e as mesturas: distinguir e separar mesturas heteroxéneas mediante distintos medios a través da experimentación. - A luz e o son como formas de enerxía presentes na vida cotiá. - Dixitalización da contorna persoal de aprendizaxe - Identificación, clasificación e funcións dos dispositivos dixitais da contorna de aprendizaxe, así como a súa manipulación. - Proxectos de deseño e pensamento computacional - Estratexias básicas de traballo en equipo.

UD	Título da UD	Duración
6	Máquinas por todas partes	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.4 - Mostrar hábitos de vida sustentable e tomar conciencia da importancia do respecto, os coidados e a protección do planeta, identificando a relación da vida das persoas coas súas accións sobre os elementos e recursos do medio.	Amosar hábitos de vida sustentable, tomando conciencia do impacto das súas accións sobre o medio natural.	PE	20
CA1.1 - Formular preguntas e realizar predicións sobre obxectos, feitos e fenómenos próximos a través da observación.	Formular preguntas e realizar predicións sinxelas a través da observación.	TI	80
CA1.2 - Buscar información sinxela de diferentes fontes seguras e fiables de forma guiada, utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural.	Buscar información de forma guiada para as súas investigacións.		
CA1.3 - Participar en experimentos guiados, de maneira individual ou en equipo, utilizando diferentes técnicas de indagación, empregando instrumentos de forma segura e rexistrando datos de maneira sinxela.	Participar en experimentos de maneira guiada, empregando instrumentos de forma segura e rexistrando datos sinxelos.		
CA1.4 - Comunicar de forma oral ou gráfica o resultado das investigacións con axuda dun guión, comparando a información e resultados obtidos coas predicións realizadas.	Comunicar os resultados das investigacións realizadas con axuda dun guión.		
CA3.3 - Analizar o efecto das forzas sobre determinados obxectos de uso común, realizando experiencias sinxelas con máquinas e aparellos.	Analizar o efecto das forzas sobre obxectos de uso común.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais de acordo coas necesidades do contexto educativo de forma segura.	Utilizar dispositivos e recursos dixitais de forma segura.		
CA4.2 - Realizar, de forma guiada, un produto final sinxelo que dea solución a un problema de deseño, probando en equipo diferentes prototipos e utilizando de forma segura os materiais adecuados.	Realizar un proxecto sinxelo relacionado coa vida cotiá.		
CA4.3 - Mostrar de forma oral ou gráfica o produto final dos proxectos de deseño, explicando os pasos seguidos con axuda dun guión.	Explicar o resultado do seu proxecto coa axuda dun guión.		
CA4.4 - Participar na resolución guiada de problemas sinxelos de programación utilizando o pensamento computacional.	Realizar programacións a través de robots educativos e aplicacións sinxelas de programación.		
CA4.5 - Traballar de forma cooperativa, respectando as normas básicas de convivencia.	Traballar en equipo respectando as normas de convivencia.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Fomento da curiosidade e da iniciativa na realización das diferentes investigacións a través da observación e formulación de hipótese. - Iniciación ás técnicas de indagación, de maneira individual ou en equipo, adecuadas ás necesidades da investigación. - Realización de experimentos sinxelos utilizando o método científico de forma guiada. - Uso de instrumentos para realizar observacións e medicións sinxelas rexistrando os datos obtidos. - Vocabulario científico básico relacionado coas diferentes investigacións. - Elaboración guiada de textos básicos, murais, paneis, esquemas ou presentacións para recoller conclusións. - Observación e identificación de máquinas e aparellos da súa contorna. - Estructuras resistentes, estables e útiles. Experimentación e observación dos efectos das forzas sobre estruturas construídas con materiais de uso común na aula. - Uso responsable dos materiais: reducir, reutilizar e reciclar. - Dixitalización da contorna persoal de aprendizaxe - Coñecemento dos compoñentes básicos dun computador. - Identificación, clasificación e funcións dos dispositivos dixitais da contorna de aprendizaxe, así como a súa manipulación. - Proxectos de deseño e pensamento computacional - Identificación e clasificación de materiais, ferramentas e obxectos adecuados para a montaxe dun proxecto sinxelo relacionado coa vida cotiá. - Fases dos proxectos de deseño: identificación de necesidades, deseño, prototipado e comunicación. - Iniciación á programación adaptándose ao nivel de comprensión e á súa manipulación (plataformas dixitais de iniciación á programación, robótica educativa...).

Contidos

- Estratexias básicas de traballo en equipo.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A metodoloxía a utilizar basearase nunha aprendizaxe competencial, que permita conectar contidos das distintas materias curriculares ademais de abordar os diferentes elementos transversais. Será unha metodoloxía activa, participativa, manipulativa e descubridora, á vez que comunicativa e inclusiva. O obxectivo será o logro dos obxectivos xerais e a adquisición das competencias clave establecidos nos epígrafes anteriores, dando a todo o alumnado unha resposta educativa adecuada ós seus intereses e necesidades.

Implantarase a metodoloxía TEACHH, válida para todo o alumnado pola súa riqueza en soporte visual, identificación de espazos e estruturación das sesións.

Partirase dos coñecementos previos do alumnado, construíndo sobre eles a aprendizaxe de xeito construtivo, así coma do seu nivel de desenvolvemento psicoevolutivo, emocional e dos seus intereses.

A atención será individualizada, detectando todas as dificultades existentes e dando resposta e apoio a todo o alumnado. Atenderase tamén ós diferentes ritmos de aprendizaxe, favorecendo a autonomía e o espírito emprendedor de cada alumno/a. A subdivisión do grupo en 2 subgrupos en determinadas sesións favorecerá a individualización.

Acompañaranse as explicacións do docente de apoio visual con imaxes, vídeos, presentacións, esquemas ou mapas conceptuais, utilizando no caso de ser implantados outros métodos de comunicación.

Fomentaranse, así mesmo, o desenvolvemento das habilidades sociais entre o alumnado. Traballarase de xeito cooperativo, de xeito que todo o alumnado se sinta parte activa e esencial do grupo-clase. Realizaranse dinámicas de gran grupo a diario.

Para alcanzar este obxectivo metodolóxico, levaranse a cabo:

-Actividades que partan da observación e experimentación, traballando o método científico a través de diversas investigacións e traballos desenvolvendo estruturas de aprendizaxe cooperativo. Ao longo das unidades 1 e 2, o alumnado realizará observacións de animais e plantas da súa contorna utilizando diferentes instrumentos de observación para coñecer e comprender mellor os seres vivos que os rodean, obtendo e rexistrando datos significativos dos mesmos, como poden ser as características físicas, alimentación, tipo de reprodución ou o crecemento dunha planta.

-Proxectos significativos e de actualidade que partan dos coñecementos previos do alumnado e do seu contorno próximo, así como dos seus centros de interese, os cales fomentarán a súa curiosidade e a motivación pola aprendizaxe. Deste xeito, ao longo das unidades 3 e 4, o alumnado afondará no coñecemento do corpo, os cambios que se producen nel co paso do tempo, identificando as partes do corpo humano e os ósos, articulacións e músculos máis importantes, así como as funcións vitais a través de actividades como a elaboración dunha liña do tempo coas etapas da vida, construción dun esqueleto móbil ou a elaboración dun emociómetro, entre outras.

-Tarefas de aprendizaxe integradas que faciliten a contextualización de proxectos, pequenas investigacións no medio, resolución de problemas concretos, realización de debates sobre temas de actualidade (medioambientais, de saúde, xogos educativos...) nas que o alumnado avance no desempeño das súas competencias. Ao longo da unidade 5, o alumnado experimentará de xeito manipulativo coas substancias puras e as mesturas heteroxéneas, así como coa luz e co son, analizando e experimentando como se transmite a través de distintos tipos de materia (auga, aire, obxectos sólidos...).

-Tarefas nas que o alumnado teña que planificar, deseñar, propoñer e comunicar diferentes propostas e proxectos a situacións presentadas, fomentando a creatividade, empregando a información proporcionada polos medios tecnolóxicos e utilizando de xeito eficiente diferentes ferramentas e dispositivos dixitais. Algunhas actividades a levar a cabo: observar os seres vivos da nosa contorna facendo hipóteses previas sobre eles, crear maquetas de ecosistemas, facer pequenas plantacións, construír máquinas empregando materiais de refugallo, comprobar e analizar o funcionamento de máquinas e aparellos da vida cotiá e realizar construcións sinxelas analizando as forzas sobre elas, realizar experimentos relacionados coa luz, as diferentes mesturas e tipos de materiais...

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Recursos persoais
Recursos materiais
Recursos tecnolóxicos
Recursos dixitais
Recursos espaciais

RECURSOS PERSOAIS:

Formado por todos os profesionais do centro educativo: profesorado titor, persoal especialista en AL e PT, departamento de orientación, mestres especialistas, ATS, etc. Ademais, hai que destacar os recursos persoais externos nos cales nos podemos apoiar, como son as familias, o E.O.E. e todas aquelas organizacións institucionais que nos axuden na nosa labor como docentes.

RECURSOS MATERIAIS:

- Material funxible: lapis, cores, plastilina, materiais reciclados...
- Libros de lectura: contos, cómics, literatura infantil e xuvenil.
- Libro de texto de Ciencias da Natureza (Vicens Vives).
- Recursos elaborados pola mestra: fichas, actividades, xogos...tanto para realizar en papel como de xeito virtual.
- Material específico para as actividades específicas da materia: probetas e vasos de precipitados, balanzas, microscopio, prismáticos...

RECURSOS TECNOLÓXICOS:

Incluindo ordenadores, robots educativos, pizarras dixitais, proxectores, tablets, Chromakey, etc.

RECURSOS DIXITAIS:

Desde o uso da web do centro e posibilidade de uso da aula virtual ata enciclopedias online, vídeos educativos, libros dixitais, actividades con realidade aumentada e outras ferramentas web (genial.ly, plickers, kahoot, learningapps, flippity...) entre outros, para a posta en marcha das diferentes unidades didácticas así como repaso e/ou avaliación dos contidos.

RECURSOS ESPACIAIS:

Farase uso da propia aula ordinaria así como de todas as instalacións do centro (biblioteca, patio, aula de convivencia...) e espazos da contorna próxima.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial levarase a cabo, tal e como se recolle na normativa vixente (Orde do 26 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa.), nas primeiras semanas do curso cando se incorpore o alumnado ou, tamén, ao inicio de cada unidade didáctica. Para a realización da mesma:

- Revisaranse os informes do ano anterior, onde se recollerá información sobre os resultados académicos obtidos na materia e, de ser o caso, dos plans de reforzo.
- Recollerase información en entrevistas iniciais coas familias para coñecer datos relevantes sobre o alumnado en canto a súa personalidade, nivel de autonomía, situación familiar...
- Avaliaranse as competencias e contidos facendo uso de instrumentos de avaliación diversos como a escala de observación, asemblea, resolución de exercicios, textos escritos, producións orais... realizando actividades de recoñecemento de características, preguntas orais ou escritas, actividades de comprensión e expresión oral, actividades dixitais, asemblea sobre algún tema específico...

A partir desta avaliación inicial tratarase de identificar se existen dificultades no grupo-clase ou en determinados alumno/as para a elaboración das medidas oportunas tanto a nivel colectivo como individual, así como as relativas

ao axuste do desenvolvemento do currículo.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	17	17	16	16	17	17	100
Proba escrita	50	50	40	45	55	20	43
Táboa de indicadores	50	50	60	55	45	80	57

Criterios de cualificación:

Á hora de establecer os criterios de cualificación da materia, debemos ter en conta os instrumentos de avaliación marcados nesta programación e recollidos na táboa anterior. Estes son as probas escritas e as táboas de indicadores, cuxos pesos se reflexan na avaliación das unidades didácticas.

As probas escritas serán as tarefas e fichas, o traballo no caderno e no libro, os resumos, esquemas e mapas conceptuais así como as probas obxectivas.

As táboas de indicadores serán rúbricas, listas de cotexo e/ou escalas de observación dos criterios recollidos en cada unidade.

O cálculo de cada avaliación será a media aritmética das notas das dúas unidades de cada unha. O procedemento para o cálculo da nota final será o mesmo: a media aritmética das notas das tres avaliacións.

O resultado dos cálculos redondearase cara a unidade seguinte, sempre e cando o número das décimas sexa cinco ou maior que cinco; exceptuando as notas inferiores a 5 nas que non se fará este redondeo.

Criterios de recuperación:

Aquel alumnado que obteña unha valoración negativa nunha unidade ou nun trimestre deberá recuperar a materia atendendo os seguintes criterios de recuperación.

Por un lado, realizará unha serie de tarefas escritas de reforzo que versarán sobre os contidos traballados que serán entregadas e avaliadas polo profesorado na unidade ou trimestre seguinte ao non superado. Ademais, debido ó carácter da avaliación continua, teránse en conta as probas realizadas na seguinte unidade ou avaliación, sendo conscientes de se os criterios da unidade ou avaliación anteriores están superados ou non.

As tarefas escritas terán un valor do 80%, mentras que o 20% restante será o das probas das unidades ou avaliacións seguintes.

6. Medidas de atención á diversidade

Baseándonos no establecido na lexislación actual en materia de atención á diversidade (Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación xunto coa Orde do 8 de setembro de 2021 que o desenvolve) teranse en conta as necesidades do alumnado do grupo, os informes do curso anterior e as avaliacións psicopedagóxicas e informes resultantes destas para poñer en marcha ó longo desta programación medidas de atención á diversidade de carácter ordinario, así como medidas extraordinarias (postas en marcha unha vez esgotadas as ordinarias) para atender ás necesidades do alumnado.

As medidas ordinarias postas en marcha co grupo-aula serán:

- Adecuación das programacións didácticas ao contorno e ao alumnado. Todas as programacións están adecuadas á contorna e características, necesidades e intereses do alumnado.

- Adecuación da estrutura organizativa do centro (horarios, agrupamentos, espazos) e da organización e xestión da aula ás características do alumnado. En base a criterios organizativos e pedagóxicos o grupo está subdividido en 2 subgrupos, podendo deste xeito dar unha resposta máis individualizada ó alumnado do grupo.
 - Metodoloxías baseadas no traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, tutoría entre iguais, aprendizaxe por proxectos e outras que promoven a inclusión.
 - Implantarase a metodoloxía TEACHH, válida para todo o alumnado pola súa riqueza en soporte visual, identificación de espazos e estruturación das sesións.
 - Adaptación dos tempos e instrumentos ou procedementos de avaliación sempre que sexan necesarios.
 - Reforzo educativo e apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria a aquel alumnado que presenta dificultades ou que se detecte ó longo do curso que o precisa.
- Ademais das anteriores, as medidas extraordinarias postas en marcha serán:
- Adaptacións curriculares.
 - Apoio do profesorado especialista en Pedagogía Terapéutica e/ou en Audición e Linguaxe.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.1 - Comprensión lectora	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Competencia dixital	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Creatividade				X	X	X
ET.6 - Emprendemento				X	X	X
ET.7 - Igualdade entre homes e mulleres	X	X	X	X	X	X
ET.8 - Educación para a paz e resolución pacífica de conflitos	X	X	X	X	X	X
ET.9 - Educación para o consumo responsable	X	X		X	X	X
ET.10 - Desenvolvemento sustentable	X	X			X	X
ET.11 - Educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual.	X	X	X	X	X	X
ET.12 - Educación emocional e en valores	X	X	X	X	X	X
ET.13 - Pluralidade e respecto polo estado de dereito.	X	X	X	X	X	X
ET.14 - Respetto pola diversidade afectivo-sexual				X		

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Saídas culturais	Visita ao Concello de Carnota para diversas actividades ó longo do curso como elaboración de chapas 25N; Saída ao cine para ver un estreo recente; desfile de Entroido; Saída de lectura na rúa a semana do Libro; Concertos didácticos en Santiago de Compostela (saída do 2º trimestre)...	X	X	X
Saídas á contorna	Saída á contorna para visitar o hórreo de Carnota (1º Ciclo -2º trimestre); Saída á praia de Carnota para recollida de lixo (3º trimestre)	X	X	X
Charlas formativas	Familias, profesionais de distintos ámbitos laborais, ou outras institucións.			X
Obradoiros	Actividades manipulativas e colaborativas na biblioteca: taller de máscaras de Samaín, collage 25N...; Celebración da Semana das Ciencias na Biblioteca con obradoiro de experimentos; Obradoiros medioambientais de ADEGA; Outras propostas que poidan xurdir ao longo do curso propostas por entidades alleas á escola..	X	X	X
Conmemoracións	Todas as recollidas na orde de calendario escolar, entre elas: Samaín (con xogos dinamizados, concurso de relatos relacionados coa cultura galega e o proxecto de biblioteca); Día das persoas con discapacidade (con xogos sensoriais e motrices dinamizados); Día dos dereitos dos nenos e nenas; 25N e Día Internacional da Muller, (actividades reflexivas en equipo e outras dinámicas de centro); Día de Rosalía; Semana do Libro; Semana da prensa...	X	X	X

Observacións:

Todas as actividades complementarias figuran na PXA ou, no seu defecto, serán aprobadas polo Consello Escolar.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
A planificación da programación é viable no contexto e no tempo.
Metodoloxía empregada
A metodoloxía posta en marcha contempla a diversidade da aula e as necesidades do alumnado.

Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
A organización da aula é adecuada ás tarefas postas en marcha e os recursos son suficientes e necesarios.
Medidas de atención á diversidade
As medidas de atención á diversidade postas en marcha dan resposta ás necesidades da totalidade do alumnado do grupo.
Clima de traballo na aula
O clima de traballo na aula é positivo e favorece as relacións socioemocionais do alumnado.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Existe unha boa coordinación e comunicación co resto do equipo docente.
Existe unha boa coordinación e comunicación cos familias do alumnado.
Outros
O alumnado está motivado ante as dinámicas propostas.
Os instrumentos de avaliación utilizados axústanse ás necesidades do alumnado.

Descrición:

Á hora de levar a cabo a avaliación do proceso de ensino e da práctica docente, debemos ter en conta os indicadores de logro especificados anteriormente. Ditos indicadores permítenos coñecer información axeitada da nosa labor docente.

Avaliaranse a través destes instrumentos:

- Enquisas
- Listas de cotexo
- Actas de avaliación
- Memoria da materia

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Ao final de cada unidade didáctica realizarase unha avaliación da programación para verificar que se axeitou ás necesidades e intereses do alumnado, aos tempos de ensino-aprendizaxe e verificarase a adecuación da metodoloxía empregada.

Para isto farase uso dunha rúbrica de autoavaliación que conteña diferentes items:

- Resposta ás características e necesidades do alumnado da aula.
- Utilidade para o uso docente na aula.
- Adecuación da temporalización.
- Grao de adquisición dos contidos de aprendizaxe traballados.
- Prevención de mecanismos de recuperación, repaso, ampliación e/ou reforzo.
- Coherencia gradual lóxica dos obxectivos, contidos, criterios de avaliación ao longo do seu desenvolvemento.
- Coherencia dos recursos utilizados.
- Relacións coas actividades extraescolares e complementarias.
- Relación cos proxectos do centro.

Os instrumentos utilizados para obter datos para poder complimentar a rúbrica anterior serán: diario de clase para seguimento da actividade lectiva, listas de cotexo e rexistros anecdóticos e probas e evidencias do nivel de adquisición de contidos do alumnado (probas orais e escritas, actividades finais dos libros, cadernos...).

Ademais desta autoavaliación, o alumnado fará unha avaliación das unidades didácticas a través de diferentes dinámicas: tarxetas de preguntas, dinámica de tarxetas positivo-negativo, possits ó encerado... Avaliarán as actividades postas en marcha, a comodidade á hora de poñelas en marcha, propostas de mellora... Deste xeito poderanse facer as modificacións oportunas no desenvolvemento das sesións posteriores.

As modificacións da programación quedarán reflectidas na memoria, que se realizará a final de curso e servirá como proposta de mellora para o próximo curso.

9. Outros apartados